



MOCHILAS VIAXEIRAS 2023

Ola familias:

Desde a biblioteca do cole propoñemos esta actividade de fomento da lectura coa fin de achegar ás vosas casas un anaquiño do que é a nosa biblioteca **MOISÉS GÓMEZ**.

Na mochila que tedes nas vosas mans vai un lote pequeniño de libros/contos cos que pretendemos que desfrutedes ao longo de 1 semana (tempo máximo) coas aventuras e historias que aquí se contan. Non é obrigatorio lelos todos, é unha actividade que busca ver a lectura como fonte de pracer, polo tanto podedes miralos, ler un anaco, pedir que vos lean un pouco ou lelos por completo, como máis gustedes.

Trátase dunha selección do que poderedes atopar na biblioteca que, como sabedes, ten as portas abertas para recibirvos sempre que queirades.

Lembrede ter coidado cos exemplares, tratalos con cariño, e respectar os prazos de entrega para que todo o alumnado poda desfrutalos nas súas casas cando lle corresponda.

Levades tamén como agasallo na mochila viaxeira un marcapáxinas (podedes quedar con el na casa).

Desexamos que pasedes un tempo agradable, xa nos contaredes!

EQUIPO DE BIBLIOTECA

CEIP PLURILINGÜE WENCESLAO FERNÁNDEZ FLÓREZ